

A Dama de Castro de Betanzos

-“...porfa avóa, aínda que sexa un pouquiño...cóntame o conto de sempre...”

-“Non te cansas miña ruliña, logo a túa nai din que cando quedas eiquí, non durmes ben polo asma...”

- “Direille que acosteime axiña, veña dalle...”

-“Dacordo, sei ben que a che poñes testalana, é cousa de familia, coma todo...”

E así comezaba a miúdo a miña avóa Fina. Poucas cousas no mundo facíanme tanta ilusión, como os contos que dicíame cando tiña que durmir na súa casa. O conto de sempre, dicía ela, era unha das historias que de cotío gostabame escoitar, dun xeito especial, xa que efectivamente era o noso conto familiar....

-“Fai moito, pero moito tempo, máis alén do que a humana xente lembra hoxe, os nosos bosques estaban cheos de criaturas máxicas, das que apenas lembra xa ninguén os seus nomes.

Nese tempo lonxano, as pequenas vilas onde habitaba a xente, quedaban sempre preto de bosques, ríos e fervenzas, e por suposto había moitas máis xunto a praias e bahías, xa que a auga era a primeira cousa de importancia, e segue sendo.

Foi así que as criaturas que protexían esa natureza, tamén gostaban de vivir non moi lonxe deses lugares, ben porque sabían que era lugar de paso dos humanos aos que tiñan que coidar, ou pode que para vixiar que eles coidasen de todo...pode que fose ambas dúas cousas.

Nesta vila de Betanzos, o río Mandeo, foi sempre o lugar de máxicos encontros, sendo o máis desexado de todos, o atoparse coa Dama de Castro, un tipo de meiga ou moura, que soamente dábase en lugares con certas condicións. Tamén as adoitaban chamar Damas do Lago, máis case sempre, en vez dun lago, eran ríos ous fervenzas.

Iso sí, soamente viven preto de castros ou pazos de cristal, xunto a encoros, como che dixen, e son moi semellantes as mouras claramente.... Elas adoitan a ter cabelos dourados e sobre todo color bronce, moi semellante ao meu roxiño...ou ao teu...”

Aquí sempre tirabame suavemente dun bucle do meu cabelo, facendo unha onda co seu furabolos ou pasándome a man aberta pola fronte, para de seguido, facerme todas as cóxegas posibles....

-“Por suposto, as Damas de Castro, non eran rapazas calqueira, tiñan a beleza das mouras, e unha presenza imponente, de mulleres altas, daban respecto, e non lles podías faltar dicían...

Coma todas as meigas, elas tiñan unha función moi nítida, que consistía en darlle consolo ou orientar á xente cando tiñan tribulacións ou problemas moi grandes.

Non aparecían a calqueira, tiñas que ser bó de corazón, nobles de esprito, e valente...pois os seus favores, ían máis lonxe que soamente dar un consello, xa que implicaban unha especie de sorte, que faría cambiar o teu destino. Por iso como sempre, un gran poder, conleva unha gran responsabilidade, e tiñan que darlo as persoas que fosen merecedoras. Se querían mentirlles, ou conseguir con malicia algo delas...sempre pasaba algo que dábatche unha lección de humildade.

Houbo durante séculos, moita xente que narrou os seus encontros coas damas, máis eiquí, en Betanzos, a proba máis grande que se atopa, non é escrita, senón en pedra. E o propio Pasatempo.

Sei ben, que moita xente descoñece esta lenda, pero é a miña obriga, repetila para que ti, e a tuas fillas, ou netas, sigan lembrando a historia dos dous irmáns. Eles, fillos de labradores, xogando nun regato do Mandeo, fixeron unha petición sinxela e moi honorable, a nosa Dama de Castro.

Ela, sabendo que tiña delante a dous mozos que tiñan sinceridade na súa petición, deulles un consello que fixo que anos despois gañasen moitos cartos e saíran da pobreza na que estaba a súa familia.

Non pedíu nada para sí mesma coma sempre, soamente fixo o seu traballo, pero eses mozos, regresaron e quixeron facer unha demostración de respecto por unha criatura que soamente lémbrese en contos e que endexamais esperaba nada a cambio. Mandaron construír o Pasatempo, cheo de coñecemento das súas vidas, onde a xente que fose a Betanzos vería paisaxes, beleza e arte, deixando un lago, xardíns fermosos e unhas covas, onde os seus veciños poderían disfrutar duns anacos de tempo, misturando a natureza e a beleza da arquitectura.

Levaron a nosa Dama unha chave dourada, na que lle daban a entrada ao interior dese parque, unha porta secreta soamente para que ela deixase de vivir xunto as rochas e a cova a carón do regato.

Agradecida, prometeu manter a salvo a maxia do lugar, sempre que o resto do pobo, lle deixase facer a súa labor e respetasen o presente que ía para todos os betanceiros.

-“ Pero pasou o día, e pasou a romería...¿a qué sí avoa?”

-“Non, non forón as xentes que alí vivían, foi o tempo, foi a vida, foron moitas cousas que pasaron ao redor, o que fixo que o Pasatempo perdese parte da súa beleza, e que o tamaño do parque reducírase ao que hoxe están arranxando.

Afortunadamente, xa están poñendo remedio, pero ti, e máis eu sabemos o que pasa coa Dama de Castro, ¿verdade ruliña?

Ela nunca deixou esta vila, e endexamais deixou o seu traballo, soamente cambiou cos tempos e agora fai as cousas a modiño, cando pode, cando lle peta, e sobre todo sen tanta humidade que non é boa para os ósos....”

A miña querida avóa Fina, estoupaba en risas neste intre, e sempre dabame a impresión, de que gardaba máis cousas no peto que dicirme.

Eu sempre lle quería que seguise o conto, e soamente cando foi moito máis vella, e os seus cabelos color bronce, quedaron dun tono laranxa, dixome unha parte do conto que nunca esquecín.

-“Se algún día ves un escudo coma este da parede, dunha dama nalgo que asemella un lago ou un río, cunha torre detrás, e sostendo unha espada coas mans...ese escudo e o do meu apelido, da nosa familia. Fíxate que ten unha longa melena, de cabelos color bronce, e ten un enorme sorriso, porque é unha meiga boa. Non lles hai que ter medo, soamente son un pouco toxo coa xente que non coida do seu, e son amigas e axudan aos que sí son xente de ben.

Non verás moitos escudos máis así, o da nosa familia e dun apelido que vai de nais a fillas, o que ves alí, e o da miña avóa. E soamente tes que crer, e estudar, e ser boa rapaza, e confiar no sentidiño común, o que menos emprega a xente de hoxe... “

Anos despois unha das poucas cousas que teño dela, ademáis das lembranzas de contos e momentos rindo ou facendo das nosas, é unha pequena chave dourada, nunha pequena caixa de madeira de buxo.

A miña filla, insiste en que o debuxo de enriba da chave, lle recorda algo que viu unha vez no parque, e eu teño moitas ganas de levala e percorrer os seus túneles, moi pronto, agora que están terminando a restauración desta xoia de Betanzos.

O día que rematen as obras, temos planeado levar a chave, e poñeremos antes flores en memoria da avóa Fina. Se a chave abre algo, xa sei onde atopar Damas de Castro e como continuar co conto...

Adicado as mulleres da miña familia, a miña avóa, a miña nai, a miña irmá e a miña filla.

ISABEL MARÍA BERNAL GÁNDARA

